

**Praza número:** 19/1312      **Número de prazas:** 1

**Categoría:** Axudante Doutor/a

**Dedicación:** Tempo Completo

**Área de coñecemento:** Bioquímica e Bioloxía Molecular

**Departamento:** Bioloxía

**Docencia:** 610G032011 Bioquímica I

610G02013 Bioquímica e Bioloxía Molecular

610G02014 Fundamentos Bioquímicos de Biotecnoloxía

**Centro:** Facultade de Ciencias

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de vulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 10 de xaneiro de 2020.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D<sup>a</sup>. ÁNGEL JOSÉ VIZOSO VÁZQUEZ**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 16/01/2020

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	tuduE0hI2Z6vNYj7BqiT7w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	16/01/2020 13:08:00
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/tuduE0hI2Z6vNYj7BqiT7w==">https://sede.udc.gal/services/validation/tuduE0hI2Z6vNYj7BqiT7w==</a>		



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

**CERTIFICO:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 10 de xaneiro de 2020, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se indica a continuación:

Praza: 19/1312

Categoría: Axudante doutor/a. Tempo completo

Área de coñecemento: Bioquímica e Bioloxía Molecular

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

Docencia: 610G032011 Bioquímica I, 610G02013 Bioquímica e Bioloxía Molecular, 610G02014

Fundamentos Bioquímicos de Biotecnoloxía

**ACORDOS:**

Os membros da Comisión de Reclamacións acordan, tras analizar o contido da reclamación presentada por don Alberto Ouro Villasande, a documentación dos/as candidatos/as e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza do 20/12/2019, acordan estimar axeitada a valoración e proposta realizada pola Comisión de Selección do 10/12/2019, coa incorporación da corrección no erro na puntuación do reclamante que debe ser de 12,99 puntos, mantendo a terceira posición na proposta de contratación.

Incorpórase a esta certificación o informe da Comisión de Selección do 20/12/2019.

Asino esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	3qNyl1WEstlcgu1WpC+Btw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	15/01/2020 11:22:06
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3qNyl1WEstlcgu1WpC+Btw==">https://sede.udc.gal/services/validation/3qNyl1WEstlcgu1WpC+Btw==</a>		



Praza número: 19/1312

Número de prazas: 1

Categoría: Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Bioquímica e Bioloxía Molecular

Departamento: Bioloxía

Docencia: 610G032011 Bioquímica I

610G02013 Bioquímica e Bioloxía Molecular

610G02014 Fundamentos Bioquímicos de Biotecnoloxía

Centro: Facultade de Ciencias

## INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Reunida a comisión da praza 19/1312 os días 19 e 20 de decembro de 2019 a fin de estudar a reclamación interposta por D. Alberto Ouro Villasante, DNI 78916243T, respecto á resolución do concurso, infórmase do seguinte:

- Respecto ao punto nº 1 do reclamante:

Compróbase que efectivamente existe un erro de transcripción dende a táboa Excel á táboa do impreso de proposta da comisión, e polo tanto acéptase o valor correcto de 12.99.

- Respecto ao punto 2 do reclamante, no referente ao Bloque II.1:

Na documentación aportada polo candidato non consta xustificación da mención de excelencia do Mestrado.

Faise notar que, ao non aportar o candidato a nota media do Mestrado, foi calculada como 7.95, detectándose nesta revisión que o valor que lle correspondería segundo o baremo sería de notable (7.5).

Respecto ao factor multiplicativo "...ata por 2 segundo a afinidade coa Área..." que se indica na normativa, o valor máximo de afinidade empregado para todos os candidatos foi de 1. Polo tanto, considérase correcta a puntuación asignada.

- Respecto ao punto 3 do reclamante, no referente ao Bloque II.2.

Tivéronse en conta todos os aspectos que solicita o reclamante, outorgándosele a máxima puntuación posible de acordo coa normativa.

Respecto ao factor multiplicativo "...ata por 2.5 segundo a súa relevancia e afinidade coa Área..." que se indica na normativa, o valor máximo empregado para todos os candidatos foi de 1. Polo tanto, considérase correcta a puntuación asignada.

- Respecto ao punto 4 do reclamante, no referente ao Bloque II.4:

Na documentación xustificativa aportada polo solicitante, non consta o número de horas do curso. Neste caso a comisión acordou, como criterio xeral para todos os candidatos, asignar 4 h por día xustificadas. Polo tanto, con 5 días xustificadas correspóndenlle 20 h, outorgándosele a máxima puntuación posible por este mérito:  $0.25 \times (20 \text{ h} / 10) = 0.50$  puntos.

- Respecto ao punto 5 do reclamante, no referente ao Bloque II.5:

A bolsa da Fundación Gangoiti non se tivo en consideración por non aportar unha xustificación correcta de acordo coa normativa.

A bolsa do Goberno Vasco foi asimilada ás da Xunta de Galicia, pero só figuran xustificadas 3 anos da mesma.

Código Seguro De Verificación	3qNyl1WEstlclgu1WpC+Btw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	15/01/2020 11:22:06
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3qNyl1WEstlclgu1WpC+Btw==">https://sede.udc.gal/services/validation/3qNyl1WEstlclgu1WpC+Btw==</a>		



- Respecto ao punto 6 do reclamante, no referente ao Bloque II.6:  
Só figuran correctamente xustificadas 12.5 semanas de estadias predoutorais. que se redondearon a 13. De acordo co baremo  $0,0625 \times 13 \times 2 = 1.625$ , que se redondea a 1.63.  
Faise constar que na xustificación figura a carta de aceptación, pero non así o permiso oficial nin a certificación de realización da estadía.

- Respecto ao punto 7 do reclamante, no referente ao Bloque III.1:  
A documentación xustificativa figura asinada polo Director do Departamento, cando a normativa da UDC require a certificación do Vicerreitor con competencia en profesorado ou autoridade equivalente. Na folia de servizos non se aporta información sobre a docencia impartida.

- Respecto ao punto 8 do reclamante, no referente ao Bloque III.7:  
O mérito reclamado (“...ser representante de alumnos de tercer grado en la comisión y consejo de Departamento...”) non se considerou relevante como mérito docente.

- Respecto ao punto 9 do reclamante, no referente ao Bloque IV.1:  
A documentación xustificativa non está correctamente documentada en todos os casos conforme á normativa da UDC (“...para valorar os pósteres e comunicacións orais presentárase copia destes e a certificación do comité organizador do congreso que acredite a súa exposición / comunicación...”).

- Respecto ao punto 10 do reclamante, no referente ao Bloque IV.2:  
Figuran xustificadas 3 publicacións do grupo (Q1+Q2) como primeiro autor, 5 do grupo (Q1+Q2) de ata 6 autores, 8 do grupo (Q1+Q2) de máis de 6 autores, 1 do grupo (Q3+Q4) de ata 6 autores e 1 do grupo (Q3+Q4) de máis de 6 autores. Como criterio xeral, a comisión considerou a clasificación JCR do ano de publicación ou do último ano publicado.  
Á vista da documentación xustificativa aportada, a comisión considera que en ningunha hipótese se podería acadar a puntuación solicitada polo reclamante.

- Respecto ao punto 11 do reclamante, no referente ao Bloque V.1:  
Inda que non aparece xustificada a bolsa postdoutoral do goberno vasco, na folia de servizos consta un contrato de “investigadores doctores del gobierno vasco” a partir do 23/1/2017 (2 anos e 8 meses), que é o que se tivo en consideración.

- Respecto ao punto 12 do reclamante, no referente ao Bloque V.2:  
Faise constar que na xustificación figura a carta de aceptación, pero non así o permiso oficial nin a certificación de realización da estadía. Polo tanto, non se tivo en consideración.

Código Seguro De Verificación	3qNyl1WEstlclgu1WpC+Btw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	15/01/2020 11:22:06
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3qNyl1WEstlclgu1WpC+Btw==">https://sede.udc.gal/services/validation/3qNyl1WEstlclgu1WpC+Btw==</a>		



**Praza número: 19/1312**
**Número de prazas: 1**
**Categoría: Axudante Doutor/a**
**Dedicación: Tempo Completo**
**Área de coñecemento: Bioquímica e Bioloxía Molecular**
**Departamento: Bioloxía**
**Docencia: 610G032011 Bioquímica I**
**610G02013 Bioquímica e Bioloxía Molecular**
**610G02014 Fundamentos Bioquímicos de Biotecnoloxía**
**Centro: Facultade de Ciencias**


- Respecto ao punto 13 do reclamante, no referente ao Bloque V.4:  
O proxecto do plan nacional ao que fai referencia non consta xustificado.  
O proxecto "Cluster for Molecular Biomedicine Educational Research" foi valorado no bloque III.7 de "outros méritos docentes", onde foi incluído polo reclamante.  
A infraestrutura de 6419 €, subvencionada a nivel interno pola Universidade do País Vasco, non foi valorada por non ser I.P. da correspondente solicitude e non considerarse mérito relevante.  
Constan 7 proxectos autonómicos, a maioría dun ano de duración, con solapamentos entre eles e sen que conste xustificada a adicación do reclamante aos mesmos.  
Tendo en conta todo o anterior, a comisión considera que non procede a reclamación.

- Respecto ao punto 14 do reclamante, no referente ao Bloque VI.1:  
A reclamación non procede dado que, de acordo co baremo da normativa, trátase de "actividade profesional fora do ámbito académico universitario".

- Respecto ao punto 15 do reclamante:  
A puntuación correspondente, segundo o baremo da UDC, foi aplicada e figura no apartado V.5 (8 puntos por ter a acreditación de Prof. Contratado Doutor).

De todo o anterior se da traslado á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente aos efectos oportunos.


A Coruña, 20 de Decembro de 2019.




Vº e PI.  
O presidente,  
Héctor Luis López




O secretario,  
CONCEPCION MERINO




Vogal 1º  
MA ESPERANZA CERDAN VILLANUEVA



Vogal 2º  
ANA Mª RODRIGUEZ TORRES



Vogal 3º  
MANUEL BECERRA FERNANDEZ



Rep. traballadores  
Mote Vila Traballo

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
Rúa Maestranza 9,  
15001 A Coruña

(Modelo para a remisión do expediente)

Código Seguro De Verificación	3qNy11WEstlclgu1WpC+Btw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	15/01/2020 11:22:06
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3qNy11WEstlclgu1WpC+Btw==">https://sede.udc.gal/services/validation/3qNy11WEstlclgu1WpC+Btw==</a>		

